

ANUNCIO

ASUNTO: BASES ESPECÍFICAS QUE DEBEN REXER A CONVOCATORIA EXCEPCIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DE LONGA DURACIÓN POLOS SISTEMAS DE CONCURSO E DE CONCURSO-OPOSICIÓN ESTABLECIDOS NA DISPOSICIÓN ADICIONAL SEXTA E NO ARTIGO 2 DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO, DE MEDIDAS URXENTES PARA A REDUCCIÓN DA TEMPORALIDADE NO EMPREGO PÚBLICO EN EXECUCIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO PARA A ESTABLIZACION DE EMPREGO TEMPORAL APROBADA POLA XGL EN DATA 26/05/2022.

A Xunta de Goberno Local en sesión que tivo lugar o 22 de decembro de 2022 acordou, entre outros, aprobar as **bases específicas** que deben rexer a convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración polos sistemas de concurso e de concurso-oposición establecidos na disposición adicional sexta e no artigo 2 da lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público en execución da oferta de emprego público para a estabilización de emprego temporal aprobada pola XGL en data 26/05/2022, que se transcriben a continuación:

BASES ESPECÍFICAS QUE DEBEN REXER A CONVOCATORIA EXCEPCIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DE LONGA DURACIÓN POLOS SISTEMAS DE CONCURSO E DE CONCURSO-OPOSICIÓN ESTABLECIDOS NA DISPOSICIÓN ADICIONAL SEXTA E NO ARTIGO 2 DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO, DE MEDIDAS URXENTES PARA A REDUCCIÓN DA TEMPORALIDADE NO EMPREGO PÚBLICO EN EXECUCIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO PARA A ESTABLIZACION DE EMPREGO TEMPORAL APROBADA POLA XGL EN DATA 26/05/2022.

PRIMEIRA. OBXECTO DA CONVOCATORIA

A presente convocatoria correspóndese co proceso de estabilización previsto na Disposición Adicional Sexta e no art. 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, en execución da “Oferta de emprego público para a estabilización de emprego temporal” aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente celebrada o día 26/05/2022 (BOP A Coruña núm. 102 do 31/05/2022):

PERSOAL LABORAL:**GRUPO**

PROFESIONAL	Nº VACANTES	DENOMINACIÓN PRAZA	OBSERVACIÓNS
-------------	-------------	--------------------	--------------

01 20/2021, 28.12.2021	1	Profesor/a música	DA 6ª Lei
04 20/2021, 28.12.2021	1	Axudante/a profesor/a música	DA 6ª Lei

02 20/2021, 28.12.2021	1	Profesor/a Conservatorio Violín	DA 6ª Lei
02 20/2021, 28.12.2021	1	Profesor/a Conservatorio Viola e Piano	DA 6ª Lei
02 6ª Lei 20/2021, 28.12.2021	1	Profesor/a Conservatorio Frauta e composición	DA
02 6ª Lei 20/2021, 28.12.2021	1	Profesor/a Conservatorio Canto e maxisterio musical	DA
02 6ª Lei 20/2021, 28.12.2021	1	Profesor/a Conservatorio Percusión	DA
02 6ª Lei 20/2021, 28.12.2021	1	Profesor/a Conservatorio Trombón	DA
02 6ª Lei 20/2021, 28.12.2021	1	Profesor/a Conservatorio Acordeón	DA
02 6ª Lei 20/2021, 28.12.2021	1	Profesor/a Conservatorio Violonchelo	DA
02 6ª Lei 20/2021, 28.12.2021	1	Profesor/a Conservatorio Contrabaixo	DA
02 6ª Lei 20/2021, 28.12.2021	1	Profesor/a Conservatorio Clarinete	DA
02 6ª Lei 20/2021, 28.12.2021	1	Profesor/a Conservatorio Guitarra	DA
07 28.12.2021	3	Locutor/a radio	DA 6ª Lei 20/2021,
08 20/2021, 28.12.2021	1	Animador/a deportivo	DA 6ª Lei
05 20/2021, 28.12.2021	1	Animador/a cultural	DA 6ª Lei
08 20/2021, 28.12.2021	1	Albanel/Enterrador/a	DA 6ª Lei
08 28.12.2021	1	Albanel	DA 6ª Lei 20/2021,
08 6ª Lei 20/2021, 28.12.2021	1	Conductor/a encargado para mecánica	DA
02 6ª Lei 20/2021, 28.12.2021	1	Profesor/a Centro ocupacional	DA
10 6ª Lei 20/2021, 28.12.2021	1	Conserxe centro social	DA
01 6ª Lei 20/2021, 28.12.2021	1	Psicologo/a CIM	DA
01 6ª Lei 20/2021, 28.12.2021	1	Avogado/a CIM	DA

02 6ª Lei 20/2021, 28.12.2021	1	Técnico/a Orientación laboral	DA
01 6ª Lei 20/2021, 28.12.2021	1	Axente de Emprego e Desenvolvemento Local	DA
05 6ª Lei 20/2021, 28.12.2021	1	Administrativo/a	DA
08 20/2021, 28.12.2021	1	Persoal apoio Escola infantil	Artigo 2 Lei

TOTAL PRAZAS: 29

SEGUNDA. NORMATIVA APLICABLE

É aplicable ao presente procedemento selectivo, o disposto nas “*Bases Xerais que deben rexer a convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración polos sistemas de concurso e de concurso-oposición establecidos na disposición adicional sexta e no artigo 2 da lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público*” aprobadas pola Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria urxente que tivo lugar o xoves 6 de outubro de 2022, que se publican conxuntamente coas presentes bases e convocatoria.

No non previsto nas citadas bases xerais, estarase ao disposto na Lei 20/2021, do 28 de decembro de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público; o Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP); a Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local (LRBRL); o Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en Materia de Réxime Local (TRRL); a Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública (LMRFP); o Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso (RGI); a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP); a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRJSP); e demais disposicións que resulten de aplicación.

TERCERA. SOLICITUDES

As solicitudes deberán presentarse conforme ao modelo ANEXO I (acompañado no seu caso da autorización para presentación e/ou firma de solicitude que se acompaña como ANEXO II das presentes bases, no prazo de 20 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado, de conformidade co establecido na Base Cuarta das Bases Xerais, na que así mesmo se sinala a documentación que se debe acompañar.

CUARTA. TITULACIÓN EXISIXIBLE

Os/as aspirantes que concorran deberán estar en posesión dos seguintes títulos e requisitos:

PRAZA

TÍTULO

Profesor/a música	Grao medio ou superior (plan 66) ou grado superior (Logse)
Axudante/a profesor/a música	Grao medio ou superior (plan 66) ou grado superior (Logse)
Profesor/a Conservatorio Violín	Grao medio ou superior (plan 66) ou grado superior (Logse) na especialidade
Profesor/a Conservatorio Viola e Piano	Grao medio ou superior (plan 66) ou grado superior (Logse) na especialidade
Profesor/a Conservatorio Frauta e composición	Grao medio ou superior (plan 66) ou grado superior (Logse) na diferenes especialidade
Profesor/a Conservatorio Canto e maxisterio musical	Grao medio ou superior (plan 66) ou grado superior (Logse) na especialidade
Profesor/a Conservatorio Percusión	Grao medio ou superior (plan 66) ou grado superior (Logse) na especialidade
Profesor/a Conservatorio Trombón	Grao medio ou superior (plan 66) ou grado superior (Logse) na especialidade
Profesor/a Conservatorio Acordeón	Grao medio ou superior (plan 66) ou grado superior (Logse) na especialidade
Profesor/a Conservatorio Violonchelo	Grao medio ou superior (plan 66) ou grado superior (Logse) na diferente especialidade
Profesor/a Conservatorio Contrabaixo	Grao medio ou superior (plan 66) ou grado superior (Logse) na especialidade
Profesor/a Conservatorio Clarinete	Grao medio ou superior (plan 66) ou grado superior (Logse) na especialidade
Profesor/a Conservatorio Guitarra	Grao medio ou superior (plan 66) ou grado superior (Logse) na especialidade
Locutor/a radio	Título de bacharel ou Técnico ou FP de 2º grao ou equivalente
Animador/a deportivo	- Título de técnico/a en actividades Físicas e Animación deportiva

	- Licenciado/a en Educación Física - Maxisterio (especialidade Educación Física)
Animador/a cultural	- Título de técnico/a en Animación Sociocultural - Diplomado/a en Educación Social - Maxisterio e outras titulacións universitarias
Albanel/Enterrador/a	Certificado de estudos primarios ou equivalente
Albanel	Certificado de estudos primarios ou equivalente
Conductor/a encargado pa mecánica	Certificado de estudos primarios ou equivalente e permiso de conducir C
Profesor/a Centro ocupacional	Grao ou diplomatura en Maxisterio
Conserxe centro social	Certificado de estudos primarios ou equivalente
Psicólogo/a CIM	Licenciatura ou Grao en Psicología
Avogado/a CIM	Licenciatura ou Grao en Dereito, colexiado/a no colexio de avogados
Técnico/a Orientación laboral	- Grao en Pedagogía, Psicoloxía, Ciencias do Traballo, Grao en Traballo Social, Grao en Educación Social, Relacións Laborais e Recursos Humanos, Relacións Laborais, Graduado/a Social ou diplomatura, licenciatura ou grao equivalente
Axente de Emprego e Desenvolvemento Local	- Grao en Económicas, Pedagogía, Grao en Psicoloxía, Grao en Ciencias do Traballo, Grao en Traballo Social, Grao en Educación Social ou diplomatura ou licenciatura equivalente
Administrativo/a	- Bacharelato - Técnico - FP 2º grao ou equivalente
Persoal apoio Escola infantil	- Licenciado en pedagogía ou psicopedagogía. - Mestre especialista en educación infantil. - Técnico superior en educación infantil ou equivalente - Técnico en atención socio sanitaria ou técnico en atención a persoas en situación de Dependencia - Técnico superior en animación sociocultural - Técnico en cuidados auxiliares de enfermaría - Diplomado en puericultura recoñecido pola consellería de sanidade ou aquelas outras recoñecidas como apropiadas polo órgano competente na autorización do centro.

QUINTA. ACREDITACIÓN DO COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

**PRAZA
CERTIFICADO CELGA**

Profesor/a música	CELGA 4
Axudante/a profesor/a música	CELGA 4
Profesor/a Conservatorio Violín	CELGA 4
Profesor/a Conservatorio Viola e Piano	CELGA 4
Profesor/a Conservatorio Frauta e composición	CELGA 4
Profesor/a Conservatorio Canto e maxisterio musical	CELGA 4
Profesor/a Conservatorio Percusión	CELGA 4
Profesor/a Conservatorio Trombón	CELGA 4
Profesor/a Conservatorio Acordeón	CELGA 4
Profesor/a Conservatorio Violonchelo	CELGA 4
Profesor/a Conservatorio Contrabaixo	CELGA 4
Profesor/a Conservatorio Clarinete	CELGA 4
Profesor/a Conservatorio Guitarra	CELGA 4
Locutor/a radio	CELGA 4
Animador/a deportivo	CELGA 4
Animador/a cultural	CELGA 4
Albanel/Enterrador/a	CELGA 1
Albanel	CELGA 1
Conductor/a encargado para mecánica	CELGA 1
Profesor/a Centro ocupacional	CELGA 4
Conserxe centro social	CELGA 1
Psicólogo/a CIM	CELGA 4
Avogado/a CIM	CELGA 4
Técnico/a Orientación laboral	CELGA 4
Axente de Emprego e Desenvolvemento Local	CELGA 4
Administrativo/a	CELGA 4
Persoal apoio Escola infantil	CELGA 3

De conformidade co establecido na Base Sétima das Bases Xerais (Base 7.1 referida ao proceso de concurso de méritos e 7.2.2 ao proceso de concurso-oposición) aqueles aspirantes que non acrediten a titulación antes sinalada haberán de realizar a proba de coñecemento de galego que se regula na Base Oitava das Bases Xerais.

SEXTA. PROCESOS DE SELECCIÓN DERIVADOS DA DISPOSICIÓN ADICIONAL SEXTA DA LEI 20/2021: CONCURSO DE VALORACIÓN DE MÉRITOS.

De conformidade co establecido na Base Sétima, apartado 1, das Bases Xerais, o sistema de selección será o de concurso de valoración de méritos acreditados polos aspirantes, sendo a puntuación máxima de 100 puntos conforme ao seguinte baremo:

a) Experiencia profesional: puntuación máxima 90 puntos

- **Servizos prestados no corpo, escala, categoría ou equivalente da entidade local convocante** en calidade de persoal temporal. Puntuación: 0,94 puntos por mes completo ou fracción superior a 15 días.
- **Servizos prestados noutros corpos, escalas, categorías ou equivalentes da entidade local convocante** en calidade de persoal temporal. Puntuación: 0,22 puntos por mes completo ou fracción superior a 15 días.
- **Servizos prestados en corpos, escalas, categorías ou equivalentes doutras Administracións Públicas**, (distintas da entidade local convocante) en calidade de persoal temporal. Puntuación: 0,30 puntos por mes completo ou fracción superior a 15 días.
- **Servizos prestados no resto do sector público** en calidade de persoal temporal. Puntuación: 0,06 puntos por mes completo o fracción superior a 15 días.

Enténdese por servizos prestados na Administración pública e resto do sector público os que derivan dunha contratación laboral, condición de persoal funcionario de carreira ou interino en calquera das súas modalidades.

A experiencia profesional avaliable é aquela que pode ter a consideración de traballo efectivo na situación de servizo activo ou equivalente pero tamén períodos de excedencia por coidado de familiares, violencia de xénero, servizos especiais e/ou excedencia forzosa.

b) Méritos académicos ou outros méritos : puntuación máxima 10 puntos.

- **Cursos de formación: puntuación máxima 9 puntos.**

Valoraranse a realización de cursos homologados polas diferentes Administracións Públicas, ou outras entidades do sector público, ou os realizados no ámbito da formación para o emprego ou os acordos de formación continua, recibidos e ou impartidos, cuxo contido estea directamente relacionado coas funcións propias da praza obxecto da convocatoria, así como os considerados transversais polo seu interese para todos os postos como os de coñecemento da lingua galega, os relacionados coa prevención, cos dereitos e deberes dos empregados públicos, coa igualdade, a protección de datos, a atención ao cidadán, a protección do medio ambiente desde o ámbito laboral e os de contido de ofimática entre outros. Pola asistencia, debidamente xustificada, a

cursos de formación, académica e complementaria, e perfeccionamento, homologados, acreditados, convocados, impartidos ou realizados pola Comisión de Formación Continuada do Ministerio de AAPP ou pola mesma Comisión Autonómica, por Administracións Públicas, Universidades, INEM, Colexios Profesionais ou Organizacións Sindicais, sempre que teñan contidos relacionados cas funcións propias da categoría.

- Menos de 10 horas de duración: 1,00 puntos.
 - De 10 a 39 horas de duración: 2,00 puntos.
 - De 40 a 49 horas de duración: 3,00 puntos.
 - De 50 horas ou máis: 4,00 puntos.
 - Por cada celga superior ao requirido nas bases específicas: 1 punto
 - Linguaxe administrativo medio: 1,5 puntos.
 - Linguaxe administrativo superior: 2,00 puntos.
- **Titulación académica: puntuación máxima 1 punto.** Por cada titulación académica de nivel igual ou superior ao nivel requirido para o acceso ao proceso selectivo de estabilización: 0.20 ata un máximo de 1 punto.

Os méritos que se aleguen deberan posuírse na data en que remate o prazo de presentación de instancias, computándose, en calquera caso, ate dita data. Tan só serán valorados os méritos que se aleguen e xustifiquen documentalmente coa presentación da instancia, sen que sexa admisible a concesión de prazo ningún para emendar posteriormente a falta de alegación e proba de méritos.

SÉTIMA. PROCESO DE SELECCIÓN DERIVADO DO ARTIGO 2 DA LEI 20/2021: CONCURSO-OPOSICIÓN.

De conformidade co establecido na Base Sétima, apartado 2, das Bases Xerais, o sistema de selección será o de concurso-oposición a desenvolver nas seguintes fases:

1ª FASE: FASE DE CONCURSO DE MERITOS (até un máximo de 40 puntos):

Na fase de concurso, que en ningún caso terá carácter eliminatorio, valoraranse os seguintes méritos:

a) Experiencia profesional: puntuación máxima 36 puntos.

- Servizos prestados no corpo, escala, categoría ou equivalente da entidade local convocante en calidade de persoal temporal: 0,43 puntos por mes completo ou fracción superior a 15 días.
- Servizos prestados noutros corpos, escalas, categorías ou equivalentes da entidade local convocante en calidade de persoal temporal: 0,1 puntos por mes completo ou fracción superior a 15 días

- Servizos prestados en corpos, escalas, categorías ou equivalentes doutras Administracións Públicas (distintas da entidade local convocante) en calidade de persoal temporal: 0,14 puntos por mes completo ou fracción superior a 15 días.
- Servizos prestados no resto do sector público en calidade de persoal temporal: 0,03 puntos por mes completo ou fracción superior a 15 días.

b) Outros méritos: puntuación máxima 4 puntos.

- **Cursos de formación: puntuación máxima: 3 puntos.** Valoraranse a realización de cursos homologados polas diferentes Administracións Públicas, ou outras entidades do sector público, ou os realizados no ámbito da formación para o emprego ou os acordos da formación continua cuxo contido estea directamente relacionado coas funcións propias da praza obxecto da convocatoria, e os considerados transversais polo seu interese para todos os postos como os de coñecemento da lingua galega, os relacionados coa prevención, cos dereitos e deberes dos empregados públicos, coa igualdade, a protección de datos, a atención ao cidadán, a protección do medio ambiente desde o ámbito laboral e os de contido ofimática, entre outros. Pola asistencia, debidamente xustificada, a cursos de formación, académica e complementaria, e perfeccionamento, homologados, acreditados, convocados, impartidos ou realizados pola Comisión de Formación Continuada do Ministerio de AAPP ou pola mesma Comisión Autonómica, por Administracións Públicas, Universidades, INEM, Colexios Profesionais ou Organizacións Sindicais, sempre que teñan contidos relacionados cas funcións propias da categoría.
 - Menos de 10 horas de duración: 0,10 puntos.
 - De 10 a 39 horas de duración: 0,20 puntos.
 - De 40 a 49 horas de duración: 0,30 puntos.
 - De 50 horas ou máis: 0,50 puntos.
 - Por cada celga superior ao requirido nas bases específicas: 1 punto
 - Linguaxe administrativo medio: 1,5 puntos.
 - Linguaxe administrativo superior: 2,00 puntos.
- Por cada **titulación superior á requirida** para o acceso e relacionada coa praza: 0.20 puntos ate un máximo de 1 punto.

Os méritos que se aleguen deberan posuírse na data en que remate o prazo de presentación de instancias, computándose, en calquera caso, ate dita data. Tan só serán valorados os méritos que se aleguen e xustifiquen documentalmente coa presentación da instancia, sen que sexa admisible a concesión de prazo ningún para emendar posteriormente a falta de alegación e proba de méritos.

2ª FASE: FASE DE OPOSICIÓN (até un máximo de 60 puntos):

A fase de oposición, que en ningún caso terá carácter eliminatorio, consistirá no desenvolvemento dun exame tipo test, cuxo contido será determinado polo Tribunal cualificador, de entre os temas que se inclúen como **ANEXO III** das presentes bases, de 30 preguntas con catro respostas alternativas, sendo só unha delas a correcta, nun tempo máximo de 60 minutos, sen que penalicen as respostas en branco nin as erróneas. Publicaranse previamente na sede electrónica e na páxina web do Concello de Melide baterías indeterminadas de preguntas das que se extraerán as contidas na proba.

OITAVA. RECURSOS

As presentes bases, a súa convocatoria e cantos actos administrativos deriven destas, así como as actuacións do Tribunal poderán ser impugnadas polos interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

ANEXO I

MODELO DE INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCESO SELECTIVO

I PROCESO SELECTIVO		
OEP: OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO PARA A ESTABLIZACION DE EMPREGO TEMPORAL APROBADA POLA XGL EN DATA 26/05/2022.		
NOME DA PRAZA:		
CONVOCADO NO BOP A CORUÑA Nº	DATA PUBLICACIÓN:	
II DATOS DA PERSOA INTERESADA		
Apelidos _____ Nome _____ DNI _____		
Domicilio _____		
Teléfono _____ E-mail _____		
III DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE (cubrir exclusivamente se a solicitude preséntase e/ou fírmase por unha persoa ou entidade representante que actúe en nome da persoa interesada. Nese caso, deberá tamén presentarse o ANEXO II de “Autorización para presentación e/ou firma de solicitude”)		



Apelidos _____ Nome _____ DNI _____
Domicilio _____
Teléfono _____ E-mail _____

IV NOTIFICACIÓN

Indique a quen debe realizarse as notificacións

☐

Interesado

☐

Representante

Medio de notificación preferente Medios electrónicos: notificación telemática

☐

Notificación postal no domicilio indicado

☐

Notificación telemática (Se selecciona a opción de medios electrónicos, utilizarase este medio para calquera comunicación ou notificación relacionada con esta solicitude e as notificacións consideraranse realizadas en debida forma e utilizarase este medio para calquera comunicación ou notificación relacionada con esta solicitude e as notificacións consideraranse realizadas na debida forma e fornecerán os efectos que correspondan, ata que comunique de forma expresa que se practiquen as notificacións a través do domicilio postal. Con carácter previo á presentación desta solicitude, a persoa á que se notifica deberá estar dada de alta no Sistema de Notificacións Electrónicas de Galicia notifica.gal).

V MÉRITOS ACADÉMICOS OU OUTROS MÉRITOS

1 CURSOS DE FORMACIÓN

DENOMINACIÓN	DURACIÓN	AUTOBAREMO (puntuación segundo o/a aspirante)

2 TITULACIÓN ACADÉMICA	
DENOMINACIÓN	AUTOBAREMO (puntuación segundo ola aspirante)
PUNTUACIÓN TOTAL	

VI DOCUMENTACIÓN
1. DOCUMENTACIÓN OBRIGATORIA QUE ACOMPAÑA (INDICAR O QUE PROCEDA)
☐ XUSTIFICANTE ABONO TAXAS ☐ XUSTIFICANTE ACREDITATIVO SITUACIÓN DESEMPREGO CANDO MENOS UN MES ANTES DE PRESENTAR A SOLICITUDE (Bonificación do 50% da taxa segundo Ordenanza Fiscal nº 24 do Concello de Melide) ☐ TITULACION ESIXIDA ☐ CELGA/EQUIVALENTE ESIXIDO NAS BASES ESPECÍFICAS ☐ DOCUMENTACION ACREDITATIVA DOS MÉRITOS CONSIGNADOS NO AUTOBAREMO POLA ORDE ALÍ CONSIGNADA
2. OUTRA DOCUMENTACIÓN QUE ACOMPAÑA

DECLARACIÓN RESPONSABLE

Declaro baixo a miña responsabilidade:

- Que coñece e acepta integramente as bases que rexen a presente convocatoria.
- Que reúne os requisitos esixidos na presente convocatoria, referidos ao último día do prazo de presentación de solicitudes.

- Que son certos todos e cada un dos datos consignados na solicitude e que son fieis ao seu orixinal as copias dos documentos aportados.

SOLICITA ser admitido/a nas probas selectivas ás que se refire a presente instancia.

De acordo co disposto na Lei Orgánica 3/2018 de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, informámoslle de que os datos facilitados serán tratados pola entidade local coa finalidade de poder atender a súa solicitude. Estes datos serán tratados de maneira confidencial, e só poderán ser cedidos nos casos contemplados na lei. Comunicámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos seus datos mediante escrito (presentando fotocopia do DNI) dirixido ao Rexistro Xeral do Concello de Melide, Praza do Convenio nº 5, 15800, Melide, A Coruña.

En _____, a ____ de _____ de _____

AO SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MELIDE

ANEXO II

AUTORIZACIÓN PARA PRESENTACIÓN E/OU FIRMA DE SOLICITUDE

1.- Datos da persoa que autoriza:

Apelidos _____ Nome _____ DNI _____
Domicilio _____ Teléfono _____
E-mail _____.

2.- Datos da persoa ou entidade autorizada:

Apelidos _____ Nome _____ DNI _____
Domicilio _____ Teléfono _____
E-mail _____.

3.- Datos do procedemento:

Nome do Procedemento: _____

D./D^a..... autoriza a D/D^a.....a (márquese o que proceda)

☐ a **presentación** da solicitude no seu nome, **e única e exclusivamente a ditos efectos**.

☐ a **firma** e a **presentación** da solicitude no seu nome, en cuxo caso, como solicitante, DECLARA que son certos os datos consignados na presente solicitude e que reúne os requisitos establecidos na convocatoria na que participa, comprometéndose no seu caso a acreditarlos debidamente.

En _____, a ____ de _____ de _____

ANEXO III

TEMARIO PRAZA PERSOAL APOIO ESCOLA INFANTIL

- 1.- A Constitución de 1978. Principios xerais e estrutura. Dereitos e deberes fundamentais e liberdades públicas.
- 2.- O Estatuto de Autonomía de Galicia.
- 3.- O municipio: concepto. Elementos: territorio, poboación e organización. O Alcalde. O Pleno. A Xunta de Goberno Local.
- 4.- Aparellos e instrumentos de limpeza. Produtos e técnicas de limpeza
- 5.- A área de cociña e a súa limpeza
- 6.- O coidado da roupa
- 7.- O período de adaptación. Vínculos afectivos
- 8.- A alimentación, hixiene e descanso. O papel do persoal de apoio co neno e a nena nestes intres.
- 9.- Saúde infantil: hixiene, accidentes na infancia. Prevención

Melide, 23 de decembro de 2022

O alcalde / José Manuel Pérez Penas



*Praza do Convento, 5 -15800 MELIDE (A
Coruña)
Tfno: 981505003 – Fax: 981506203
www.concellodemelide.gal*